

Xoves, 8 de xuño de 2017

Núm.

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PONTEAREAS**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS  
POR ENSINANZAS NO CONSERVATORIO DE MÚSICA REVERIANO SOUTULLO DO  
CONCELLO DE PONTEAREAS*

*A N U N C I O*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión levada a cabo o 18 de abril de 2017, acordou aprobar inicialmente o novo texto da Ordenanza reguladora do Prezo Público por ensinanzas no Conservatorio de Música Reveriano Soutullo, do seguinte literal:

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR ENSINANZAS  
NO CONSERVATORIO DE MÚSICA “REVERIANO SOUTULLO”  
DO CONCELLO DE PONTEAREAS.**

*ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 do RDL 2/2004, polo que se regula o texto refundido da lei Reguladora de facendas Locais (T.R.L.R.f.L.), e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do RDL 2/2004, polo que se regula o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación do Prezo Público por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais.

*ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúen o feito impoñible do Prezo Público a prestación dos servizos no Conservatorio municipal de música.

*ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS*

Serán suxeitos pasivos deste Prezo Público as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa deste Prezo Público.



Xoves, 8 de xuño de 2017

Núm.

**ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

**ARTIGO 5º. PREZOS PÚBLICOS**

CONCEPTO	TAXA
MATRICULA CURSO COMPLETO GRADO ELEMENTAL	224,90 €
MATRICULA CURSO COMPLETO GRADO MEDIO	334,90 €
INSCRIPCION POR PRIMEIRA VEZ (ADIC. MATRICULA)	26,69 €
PROBA ACCESO GRADO MEDIO	75,43 €
COTA MENSUAL	50,65 €

**ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS:**

CADRO DE BONIFICACIONES		
SITUACION	BASE	%
ALUMNOS EMPADRONADOS	COTA MES	40%
ULTIMO CURSO 1 A SIGNATURA	MATRICULA	50%
FAMILIA NUMEROSA XERAL	MATRICULA, INSCRIPCION, PROBA E COTA MES.	50%
FAMILIA NUMEROSA ESPECIAL	MATRICULA, INSCRIPCION, PROBA E COTA MES.	100%
SEGUNDA ESPECIALIDADE	MATRICULA	50%

**ARTIGO 7º. PERCEPCIÓN**

A obriga de pagamento do prezo público establecido nace dende o momento no que se formalice a inscrición. Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza os usuarios ou beneficiarios do servizo. Cando por causas non imputables a estes o servizo non se preste, procederá a devolución do importe total ou proporcional correspondente ou ben a súa regularización no período inmediato posterior.

**ARTIGO 8º. NORMAS XERAIS E DEVINDICO**

Os interesados deberán matricularse mediante a presentación de instancia en modelo normalizado que lles será facilitado para o efecto e que conterá, entre outros, os datos persoais, a conta bancaria do usuario ou beneficiario do servizo que supoñerá aceptación da domiciliación como forma de pago da matrícula e os recibos mensuais en función do sistema de xestión ordenado pola Tesourería municipal, así como a natureza, contido e extensión do servizo. Xunto á mesma entregaranse as Normas Xerais para a formalización da matrícula no curso escolar correspondente contidas nesta Ordenanza.

A falta de firma da matrícula, así como a omisión dos datos deberán ser emendados no prazo que se estableza para ese efecto pola dirección do centro, dando lugar ao arquivo da solicitude sen máis trámite se tales deficiencias non se rectificasen no prazo determinado.

Código seguro de verificación: AA5ECMK44DP1G4FD



Xoves, 8 de xuño de 2017

Núm.

Mensualmente elaborárase pola administración do centro unha lista cobratoria, que será aprobada polo Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado.

O pago dos gastos de matrícula e dos recibos mensuais realizarase con carácter previo ao comezo do período natural en que se divide o Curso Escolar.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro, previo informe da traballadora social que indique que non é por motivos económicos e seralles comunicada mediante Resolución do Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, con independencia de que se prosiga o seu cobro mediante o oportuno procedemento.

As débedas polo prezo público esixiranse polo procedemento administrativo de présa pola administración municipal o a través dos servizos de recadación da Deputación (ORAL) no seu caso, se transcorrido o prazo de pago en período voluntario estas non se satisfixeron.

O usuario ou beneficiario que desexe renunciar á matrícula ou a alguna materia estará obrigado a notificalo no modelo que para ese efecto lle será facilitado antes do inicio do curso ou durante os dez primeiros días do mes natural. Fóra deste prazo, as solicitudes de renuncia serán tidas en conta para o período inmediato posterior, procedéndose do seguinte xeito:

- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois dos prazos de matrícula do mes de xuño e antes do 31 de xullo do ano en curso, o alumnado terá dereito á devolución do 100% do prezo público que teña aboado, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.
- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois do 31 de xullo do ano en curso e antes do comezo oficial das clases, o alumnado terá dereito á devolución do 50% do prezo público xa aboado, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.
- Se a solicitude de baixa se produce unha vez comezado o curso escolar, o alumnado non terá dereito a ningunha devolución, debendo aboar os importes que teña pendentes de pago para a concesión definitiva da baixa.
- Serán considerados de igual maneira a devolución da matrícula das probas de acceso.

En concepto diferente á matrícula, en caso de solicitar baixa ou non, para a cota mensual do servizo, e no caso de que por causas imputables ao usuario non se faga uso do servizo durante parte do período liquidado de referencia, entenderase realizado o obxecto da prestación polo período completo devindicado. No caso de que non se inicie a recepción do servizo que o obrigou ao pagamento, entenderase non realizado o obxecto da prestación, tras o informe do servizo.

Os usuarios ou beneficiarios do servizo que tivesen débedas pendentes por este concepto, non poderán matricularse nin formular reserva de praza nun novo curso.

O período de pago dá matrícula será durante o período de matriculación que anualmente publique a administración do centro e o ingreso realizarase mediante documento liquidatorio expedido pola Tesourería municipal. A solicitude do interesado, poderase fraccionar o pago nun máximo de 4 prazos, sendo que en todo caso deberá estar domiciliada a cantidade aprazada e ingresada a totalidade da matrícula dez días antes do inicio do curso escolar sendo a administración do centro responsable da comprobación de tal extremo.



Xoves, 8 de xuño de 2017

Núm.

*ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

*ARTIGO 11º. NORMAS COMPLEMENTARIAS*

No non previsto no presente texto regulador e que faga referencia á aplicación, xestión, liquidación, inspección e recadación deste tributo, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais lexislación de carácter local e xeral que lles sexa de aplicación; en especial o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa concordante.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza terá efecto para o curso 2017/18 e seguintes, e entrará en vigor o día de apertura do prazo para a matrícula do curso 2017/18, unha vez publicada no BOP de Pontevedra. Permanecerá en vigor ata tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. Queda derogada a normativa anterior referida á taxa por ensinanzas no Conservatorio de Música do Concello de Pontearreas.”

Como consecuencia queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por ensinanzas no Conservatorio Municipal de Música e todas as modificacións sobre a mesma anteriores a esta.

Sométese o expediente a información pública, na Secretaría deste Concello, polo prazo de trinta días ós efectos de que os interesados presenten as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, caso de non producirse éstas entenderase definitivamente aprobada.

Pontearreas, documento asinado electrónicamente.

Código seguro de verificación: AA5ECMK44DPIG4FD

